

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO MUNICIPAL O DÍA 15 DE SETEMBRO DE 2015

No salón de sesións da Casa do Concello de Miño (A Coruña) ás 18:00 horas do día 15 de setembro de 2015, baixo a Presidencia do Sr. alcalde don Ricardo Alejandro Matías Sánchez Oroza, reúnese, en primeira convocatoria, o Pleno municipal co obxecto de celebrar a sesión ordinaria convocada para o día da data.

SRES.CONCELLEIROS PRESENTES.-

DON MANUEL VÁZQUEZ FARALDO (PSdeG - PSOE)
DONA MARÍA CATALINA MORADO FARIÑA (PSdeG - PSOE)
DONA EMMA GONZÁLEZ ÁLVAREZ (PSdeG - PSOE)
DON AGUSTÍN SANZ HORCAJO (PSdeG - PSOE)
DONA MARINA VARELA LAGE (PSdeG - PSOE)
DON MOISÉS DOPICO LONGUEIRA (PSdeG - PSOE)
DON JESÚS VEIGA SABÍN (PP)
DONA JOSEFINA ROMEU PÉREZ (PP)
DON JOSÉ AGUSTIN ANDRÉS ANDRÉS (PP)
DONA ANA ISABEL PICOS FREIJOMIL (PP)
DON ANTONIO DOCE LOURIDO (PP)
DON JOSÉ PAZ CASAL (PP)

SR.SECRETARIA MUNICIPAL.-

DONA ALEJANDRA RODRÍGUEZ MENÉNDEZ

SR. INTERVENTOR MUNICIPAL.-

DON FRANCISCO JAVIER ULLOA ARIAS

A presidencia, tras comprobar que se cumpre o quórum legalmente esixido polo artigo 90.1 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, declara aberta a sesión, e procédese ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria e que se indican a continuación:

1º.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA: DENDE O 06.04.2015 NÚMERO 301/2015 AO 31.08.2015 NÚMERO 988/2015.

Dáse conta das resolucións de alcaldía dende o 06.04.2015 número 301/2015 ao 31.08.2015 número 988/2015, quedando o Pleno municipal informado.

Polo PSOE o Sr. Manuel Vázquez Faraldo expón que en primeiro lugar quería comentar que no pleno do 10 de xullo se aprobou que os plenos ordinarios foran celebrados nos meses pares, o terceiro martes de cada mes par. Inexplicablemente esta celebración non se produciu, e tampouco se lles deu explicación, cando menos ao seu grupo, de por qué se atrasaba a celebración dese pleno, e polo tanto queren deixar constancia da súa reprobación e a falta de respecto por parte do alcalde e a falta de consideración ao resto da corporación.

O Sr. alcalde explica que dende o ano 2009 todos os plenos de agosto se viñeron celebrando no mes de setembro (no 2014 o 9 de setembro, no 2013 o 10 de setembro, no 2012 o 7 de setembro, no 2011 o 17 de setembro e no 2010 o 4 de setembro), isto motivárase por cuestións de vacacións de secretaría e do persoal en xeral. Que efectivamente cando se estableceu o cronograma do calendario de plenos se tería que ter tido en conta que o pleno de agosto sempre se viña pasando a setembro e que se tiña que ter recollido no acordo para que quedase definitivamente pechado o tema.

Polo PSOE o Sr. Manuel Vázquez Faraldo expón que o que se recolle na acta do 10 de xullo é "O Presidente, por propia iniciativa ou a instancia dos portavoces dos grupos políticos, por causa xustificada, poderá variar a data de celebración da sesión ordinaria, adiantando ou atrasando o día e hora de celebración, incluso aínda que o novo día fixado non estivera comprendido no mes correspondente a aquel", pero sería por unha causa xustificada e a eles non se lles xustificou ningunha causa; eles de feito

pensaron que o pleno se ía celebrar normalmente xa que non recibiron ningunha comunicación do motivo de atraso, e quere dicir que nesas sesións que antes citou o alcalde, que o alcalde de cada momento sempre se lles comunicou aos demais grupos a causa pola cal se atrasaba o pleno e a data na que se prevía fixar o novo pleno; e que cre que iso é unha cuestión de educación, unha cuestión de respecto ao resto da Corporación, para que o resto da Corporación tamén se organice no seu traballo.

O Sr. alcalde expón que se recolle o que di, e volve repetir que sería bo establecer, para evitar estes inconvenientes, un novo acordo con respecto á data do pleno do mes de agosto.

Polo PSOE o Sr. Manuel Vázquez Faraldo expón que con respecto ás resolucións, quere facer mención a unha resolución que lles chamou a atención, a número 897/2015 do 11 de agosto, que está titulada "Resolución da concelleira delegada da área de urbanismo, facenda e persoal de aprobación do padrón da taxa reguladora por entrada de vehículos a través de beirarrúas" e que cre que non existe concelleira delegada, que cre que está asinado polo alcalde Ricardo A.M. Sánchez Oroza, e que debería de lerse a documentación que asina antes de asinala porque a verdade é que isto é un despropósito.

O Sr. alcalde contesta que a documentación se le, o que ocorre é que ás veces só se le o corpo e non o título.

Polo PSOE o Sr. Manuel Vázquez Faraldo expón que hai que ler todo.

O Sr. alcalde continúa dicindo que non asina nada que non lera antes. E pregunta se hai algunha outra cuestión.

Polo PP o Sr. Jesús Veiga Sabín pide a palabra e expón que con respecto aos decretos, debe ser a primeira decisión que tomou Ricardo, sendo alcalde, a de contratar a un técnico de prensa, xa que hai un decreto no que se recolle que por un mes pagoulle 3.600 euros, e que cre que en aras do que di o alcalde, e non cumpre, que é a transparencia, que traia as contratacións á comisión de asuntos xerais e se non ao pleno, que o alcalde está só, que non ten goberno e que non tome decisións; que o alcalde di que está mal o concello economicamente e a primeira decisión que toma é contratar un técnico en prensa e págaselle 3.600 euros, que el que cre que isto é unha indecencia. E vólvelle repetir que traia a pleno as contratacións e todas as decisións porque a maioría do pleno está na oposición, que traia as decisións ao pleno e a comisión e que as discuten aquí, pero que non tome o alcalde decisións porque está só e non ten goberno.

O Sr. alcalde responde que primeiro, non é verdade que se pagaran 3.600 euros por un mes de traballo.

Polo PP o Sr. Jesús Veiga Sabín replica que conte os días.

O Sr. alcalde continúa dicindo que en primeiro lugar iso, que en segundo lugar as contratacións que teñen que pasar polo pleno pasaranse polo pleno; incluso hai unha pregunta ou moción que presenta o grupo popular neste sentido. A comisión informativa non ten como competencia propia ditaminar os asuntos da alcaldía, que é o que o Sr. Veiga está requirindo para ela, en todo caso a tería dita competencia a mesa de contratación do pleno para contratos de determinado monto.

Polo PP o Sr. Jesús Veiga Sabín pídelles ao alcalde que conteste ao que lle pregunta.

O Sr. alcalde pídelles ao Sr. Veiga que non o interrompa, que el o deixou falar, e que xa llo está dicindo, que todo o que corresponde pasar polo pleno e pola comisión informativa, pasará e está pasando; o demais é competencia da Alcaldía e da mesa de contratación da Alcaldía.

Polo PP o Sr. Jesús Veiga Sabín expón que o alcalde sabe como el que estamos nunha situación anormal. E que o alcalde está só, que non ten goberno, e que se o alcalde tivera goberno e maioría, pois que non lle diría nada, pero hai que ter un pouco de decencia e todas as decisións, como está só e o poder na man da oposición, que as traia a comisión.

O Sr. alcalde vólvelle repetir que a comisión se traerá o que corresponda traer a comisión, e que si hai goberno e que se a oposición non se pon de acordo para rematar con este goberno pois que o mellor que poden facer é non seguir perdendo o tempo.

Polo PP o Sr. Jesús Veiga Sabín expón que o alcalde é o que tiña que ter decencia é marcharse.

2º.- APROBACIÓN DA CONTA XERAL DO EXERCICIO 2014.

Visto que o presente punto foi obxecto do correspondente ditame da Comisión Informativa de Contas e Facenda que se celebrou o día 20 de maio de 2015, na que tiveron lugar as seguintes intervencións:

"1º.- ANÁLISE E DITAME DA CONTA XERAL DO EXERCICIO 2014.

En cumprimento da lexislación vixente especialmente recollida nos artigos 116 da Lei 7/1985 do 2 de abril e 212.3 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e do artigo 67 da Lei 5/1997, do 22 de xullo da Administración Local de Galicia, se procede a examina – la Conta Xeral desta Entidade, formada pola Intervención Municipal, correspondente ó exercicio de 2014, con todos os documentos que a xustifican.

Ábrese a rolda de intervencións:

Polo PSOE o Sr. Manuel Vázquez Faraldo expón que na parte de ingresos, aparecen ingresos urbanísticos por valor – 500.000 €, e pregunta a que se corresponden.

O Sr. interventor explica que é a devolución do canon urbanístico de Piñeiro, que está contabilizada como unha devolución de ingresos indebidos.

Polo PSOE o Sr. Manuel Vázquez Faraldo continúa sinalando que como xa comentaran a parte da débeda que queda non se reflicte aínda, porque non hai contas e que se irá reflectindo como un menor ingreso en cada exercicio, que se ten que orzar no capítulo 3 cada vez que se faga o orzamento como un menor ingreso para que o orzamento estea equilibrado. No informe de intervención, na páxina 3 fálase de que hai un desaforro de 963.000 €, e pídelles ao Sr. interventor que o explique.

O Sr. interventor responde que se debe ás amortizacións, as cales están reflectidas ata o último inventario de bens que temos aprobado. E explica que estamos amortizando máis para reflectir as amortizacións de anos pasados que non estaban contabilizadas.

Polo PSOE o Sr. Manuel Vázquez Faraldo pregunta que na páxina 5, cando se fala da liquidación do orzamento de ingresos, nos dereitos recoñecidos cre que hai unha errata porque pon 55.000.000.

O Sr. interventor responde que si hai unha errata, que son 5.000.000.

Polo PSOE o Sr. Manuel Vázquez Faraldo pregunta se está ben o resto, se son cinco millóns.

O Sr. interventor responde que cre que si.

Polo PSOE o Sr. Manuel Vázquez Faraldo manifesta que na liquidación, no IBI de urbana ingresáronse 53.000 euros menos do que estaba orzado. E pregunta se isto é porque o orzamento estaba prorrogado.

O Sr. interventor contesta que non é porque o orzamento estaba prorrogado, que se debe a que Martinsa Fadesa pediu aprazamento e fraccionamento do pago do IBI nas fincas da súa propiedade no ámbito.

Polo PSOE o Sr. Manuel Vázquez Faraldo pregunta se se concedeu o aprazamento e se o garantiu con avais.

O Sr. interventor responde que ese tema se leva dende a Deputación, e que parece ser que o tesoureiro municipal falou co técnico de contabilidade da Deputación e díxolle que estaba todo correcto.

Polo PSOE o Sr. Manuel Vázquez Faraldo expón que entón non é que haxa un desfase de provisión senón que non se fixo o ingreso polo aprazamento.

O Sr. alcalde expón que son máis de 53.000 €

O Sr. interventor responde que si, que ao facer o orzamento contas que van ingresar todo e que non vai haber ningún aprazamento, non obstante hai unha liquidación que entrou agora en febreiro e que aínda non está contabilizada. E que estaría bastante equilibrado.

Polo PSOE o Sr. Manuel Vázquez Faraldo pregunta se en xeral o IBI de urbana se está cobrando.

O Sr. interventor responde que si. E que xa dixeran cando se aprobara o orzamento que era un orzamento prudente e cumpríronse bastante as previsións.

Polo PSOE o Sr. Manuel Vázquez Faraldo expón que seguramente houbo máis ingreso, pero que con isto do aprazamento.

O Sr. interventor responde que hai máis base imponible global, que daría para cubrir iso.

Polo PSOE o Sr. Manuel Vázquez Faraldo pregunta polo apartado do servizo de abastecemento de auga, que son 181.000 de menos en ingresos.

O Sr. interventor expón que é que se contabilizou todo na partida de abastecemento e saneamento. Logo abaixo se desagrega.

Polo PSOE o Sr. Manuel Vázquez Faraldo le o texto indicado, servizo de sumidoiros +183.000 €.

O Sr. interventor expón que antes non se contabilizaba, facíase polo neto. Pero agora ao contabilizarse é bastante complicado e por non desagregar metemos todo na partida esa.

Polo PSOE o Sr. Manuel Vázquez Faraldo expón que en subvencións, temos "outras subvencións das administracións xerais das comunidades autónomas" que supón que serían as subvencións das distintas consellerías das comunidades autónomas. E pregunta por un ingreso de -126.000.

O Sr. alcalde expón que pode ser o obradoiro.

O Sr. interventor expón que pode ser algunha subvención do plan concertado ou o obradoiro, etc.

Polo PSOE o Sr. Manuel Vázquez Faraldo pregunta se é porque se cobra a posteriori.

O Sr. alcalde responde que se atrasan en pagar.

O Sr. interventor pregunta se está na 7 ou na 4.

Polo PSOE o Sr. Manuel Vázquez Faraldo responde que na 7.

O Sr. interventor expón que son subvencións para actuacións de investimento da comunidade autónoma, que cre que o ano pasado nos deron varias e que algunha non a ingresaron aínda.

Polo PSOE o Sr. Manuel Vázquez Faraldo pregunta se é problema de que non se ingresara.

O Sr. interventor responde que si, que se contabilizou o gasto e non o ingreso, e que está recollido nas desviacións.

Polo PSOE o Sr. Manuel Vázquez Faraldo expón que na participación dos tributos hai - 240.000.

O Sr. interventor responde que abaixo hai outros 240.000, que el o orzara na 450 e que tesourería a contabilizou na 451.

Polo PSOE o Sr. Manuel Vázquez Faraldo pregunta se os 250.000 euros son do canon do aproveitamento urbanístico.

O Sr. interventor responde que o canon do Piñeiro.

Polo PSOE o Sr. Manuel Vázquez Faraldo pregunta se non eran 500.000 €.

O Sr. interventor responde que si eran 500.000, pero que se pagaron 250.000 euros e outros 250.000 o 31 de decembro. E continúa dicindo que quere facer unha aclaración, que é que na regra de gasto hai un pequeno matiz no informe, e que se pode entrar en inestabilidade nos próximos anos por unha parvada, que é que ao facer os netos nos padróns de auga prodúcese un aumento do ingreso que leva un gasto correlativo, que isto xusto non cho deixa facer a regra do gasto, e que cantas máis altas haxa en auga máis nos repercute na regra de gasto, que por agora vai cadrando, pero o que pretende facer nos próximos anos é metelo como axustes de cambios normativos.

Polo PSOE o Sr. Manuel Vázquez Faraldo expón que contabilizando o gasto na parte de menos ingreso. Ou compensando os ingresos.

O Sr. interventor expón que a regra de gasto non ten en conta os ingresos. E que non podes aumentar o gasto.

Polo PSOE o Sr. Manuel Vázquez Faraldo explica que é a parte que se está contabilizando como gasto levala como un menos ingreso. E así non aparecería no gasto e non se incumpriría a regra.

O Sr. interventor expón que a partir de agora vaino tratar como un incremento recadatorio mantido no tempo, que realmente é o que é.

Polo PSOE o Sr. Manuel Vázquez Faraldo expón que explicándoo ben que imaxina que non haberá problema.

En base ao exposto a Comisión de Contas e Facenda acorda por 3 votos a favor do PP e 2 abstencións do PSOE, e por conseguinte maioría absoluta, previa votación ordinaria, informar favorablemente a referida Conta Xeral do ano 2014, debendo de expoñerse ao publico, xunto co presente informe, polo prazo de 15 días hábiles, durante os cales e oito mais os interesados poderán presentar reclamacións, reparos ou observacións, e propoñer a súa aprobación polo Pleno Municipal unha vez realizada a tramitación legal correspondente."

Na sesión plenaria ábrese a rolda de intervencións:

Polo PSOE o Sr. Manuel Vázquez Faraldo solicita que se dea unha explicación da conta.

O Sr. interventor expón que unha vez formada a conta xeral cos documentos que enumera o artigo 212 do texto refundido da Lei de facendas, entre eles a liquidación, a memoria, o balance, a conta de resultados, foi ditaminada pola comisión especial de contas no seu día e estivo en exposición pública durante quince días e oito máis, e non téndose presentadas reclamacións, sométese á aprobación do pleno. Os resultados son os que establece a liquidación, e pregunta se hai algunha cuestión concreta que queiran que se explique.

Polo PSOE o Sr. Manuel Vázquez Faraldo pide a palabra e expón que o seu grupo con respecto á conta xeral, en exercicios precedentes xa manifestaran o seu voto en contra das contas, porque a pesar de que os técnicos elaboran adecuadamente todos os informes e reflicten os datos correspondentes á actividade política, o seu grupo viña dicindo sempre que non estaban de acordo con esas contas con respecto á actividade política que reflectían; de feito as contas seguen mostrando unha situación económica das arcas municipais totalmente deteriorada a pesar das reiteradas advertencias do PSOE local nas últimas lexislaturas, os datos evidencian unha situación excesivamente delicada por varios motivos, unha porque se manifesta, e aí se reflicten nas contas, un certo descontrol en diversas partidas de gasto, como foi o de administración xeral - medio ambiente, onde se superou o orzamento en máis de 31.000 euros; en ocio e tempo libre, onde se superou o orzado en máis de 10.000 euros, hai outras partidas pero non as menciona por non entrar en detalle senón sería demasiado exhaustivo. Por outra parte tamén a non aplicación de medidas de impulso e reactivación da economía como o seu grupo viña solicitando en anos anteriores, por exemplo deixáronse de gastar 120.000 euros en programas de fomento do emprego, dedicáronse a investimentos reais tan só 442.000 euros, que practicamente corresponden na súa totalidade a programas da Xunta ou da Deputación con mínimos fondos propios do concello; que seguen sen coñecer un plan de actuación concreto coas medidas a adoptar e os obxectivos a alcanzar, todo parece suxeito á improvisación e hoxe seguimos igual. O elevado custe de certas obras entre as que destaca a reforma do bulevar por máis de 5,5 millóns de euros que supoñen uns gastos de mantemento totalmente desproporcionados aos que agora ademais hai que unir os derivados da actuación da zona deportiva da Galea; a execución de actuacións totalmente desaproveitadas como as realizadas en gran parte no contorno do desaproveitado centro de día, onde ata a data se dedicaron máis de 1.000.000 de euros sen ningún tipo de rendibilidade social nin de impacto na economía local e que por certo seguen sumando custes de mantemento cada mes das súas instalacións. E sexto e último punto que os leva a votar en contra destas contas, é o elevado endebedamento que alcanza non só os 3,4 millóns que reflicten as contas bancarias, ás que tamén hai que engadir os 3 millóns de euros do canon adiantado da UTE de

Piñeiro que hai que devolver, e que efectivamente de acordo cos informes de intervención non se contabilizan como débeda, pero a débeda existe aínda que non apareza nas contas como débeda, e son 3 millóns máis case 1 millón de euros (983.000) e a todo isto hai que engadir a situación aínda incerta de como se vai resolver o tema dos 25 millóns de euros aos que está condenado o concello a pagar polas diferentes sentenzas do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, e que foron declaradas firmes polo Tribunal Supremo. Pois ante esta situación, o grupo socialista cre que estas contas non poden ser merecedoras do seu voto favorable e polo tanto, polo que acaba de explicar, o seu voto vai ser en contra da aprobación destas contas. Polo PP o Sr. Jesús Veiga Sabín expón que o voto do Partido Popular vai ser a favor.

O Sr. alcalde expón que se ben comparte moitas das cousas que o Sr. Faraldo acaba de expresar, o feito de non ter unhas contas aprobados para o exercicio do 2014 pode facer incorrer ao concello nunha serie de deficiencias en canto á continuidade económica dalgunhas cousas, polo tanto o seu voto vai ser a favor de aprobar as contas.

Polo PSOE o Sr. Manuel Vázquez Faraldo expón que o voto favorable do alcalde supón que está a favor das contas.

O Sr. alcalde expón que comparte moitas das cuestións que o Sr. Faraldo sinalou.

O Sr. interventor explica que o que se está votando é a formación das contas e a remisión das mesmas aos órganos de fiscalización. O problema que temos é que se votamos desfavorablemente e non as enviamos, podemos perder subvencións xa que para a concesión de moitas delas a Xunta, por exemplo, reclámache ter as contas aprobadas e enviadas en prazo. Que isto xa se aclarou bastante porque sempre se tivo a dúbida, sobre todo nos cambios de goberno, que houbo sempre se a dúbida tradicional de que se o voto favorable ás contas era ao fondo ou á forma, neste caso se vota a formación da conta xeral non o fondo da conta xeral.

Polo PSOE o Sr. Manuel Vázquez Faraldo pregunta cando se aproba o fondo da conta xeral?

O Sr. interventor responde que é unha cuestión de fondo político.

Polo PSOE o Sr. Manuel Vázquez Faraldo expón que aquí se vota un conxunto de feitos que están reflectidos nestes números.

O Sr. interventor expón que o voto é libre.

Polo PSOE o Sr. Manuel Vázquez Faraldo responde que libre e explicado.

O Sr. interventor expón que o que di a Lei de facendas locais é que se ditamirá a formación da conta xeral, non o contido da conta xeral. E que pode haber algún erro nalgunha débeda non reflectida, etc., si que se podería votar en contra. E que dende o punto de vista do concello nos interesa telas enviadas en prazo.

Polo PSOE o Sr. Manuel Vázquez Faraldo expón que polo que acaba de expoñer, as contas reflicten unha carencia fundamental que é que non se recollen os 25.000.000 euros de débeda nesas contas, xa que hai unhas sentenzas firmes, e que cre que é unha cuestión técnica, non de fondo. Que nas contas só hai reflectidas 3.400.000 de euros de débeda cos bancos, 3.000.000 de euros que expuxo porqué era a débeda do canon adiantado da UTE de Piñeiro máis os 983.000 euros de euros, que non están contabilizados por criterio de intervención segundo o cal chegouse a un acordo de que se faga así, que aínda que non estean contabilizados como débeda senón como ingresos indebidos cada ano pola cota correspondente, pero os 25.000.000 son sentenzas firmes, que cre que se deberían de contabilizar.

O Sr. interventor expón que é correcto pero que as sentenzas firmes son de 2015 e a conta é de 2014.

Polo PSOE o Sr. Manuel Vázquez Faraldo expón que como o interventor sabe hai uns principios de prudencia, de empresa en funcionamento que marcan a contabilidade.

O Sr. interventor explica que non temos capacidade en contabilidade pública de poder levar a cabo unha provisión por unha sentenza firme, pero que en todo momento se fai mención no informe á sentenza de Fadesa, e de feito a intervención fixo un informe hai pouco neste sentido; non se está ocultando contablemente.

Polo PSOE o Sr. Manuel Vázquez Faraldo expón que nestas contas non están.

O Sr. interventor expón que é porque no 2014 se estaba recorrendo a sentenza, e que entende que no 2015 sería distinto.

Polo PSOE o Sr. Manuel Vázquez Faraldo expón que o informe é do 28 de abril do 2015.

O Sr. interventor expón que o informe se refire a contas do 2014.

Polo PSOE o Sr. Manuel Vázquez Faraldo expón que hai uns principios, pero que ve que non van chegar a ningún acordo, e que xa o alcalde aclarou cal é o seu punto, e eles e o grupo popular tamén.

O Sr. interventor expón que como se está a cuestionar o seu traballo, que quere aclarar porqué tomou esta decisión, posto que se en calquera momento pensara que había que reflectir nas contas do 2014 a débeda cos acredores polo xustiprezo da área de Perbes-San Xoán de Vilanova que así o faría, que evidentemente non ocultaría esa información porque el é o principal responsable.

Seguidamente, procédese na sesión plenaria á votación ordinaria **da aprobación da conta xeral do exercicio 2014** co seguinte resultado: 7 votos a favor do Grupo mixto e do PP, e 6 votos en contra do PSOE (sendo trece o número legal de membros da Corporación), polo que o **Pleno municipal acorda por maioría absoluta** aprobar a conta xeral do exercicio 2014.

3º.- INFORME TRIMESTRAL DE CUMPRIMENTO DE PRAZOS PREVISTOS NA LEI 15/2010, DE MOROSIDADE DO 2º TRIMESTRE DO 2015.

Dáse conta do Informe trimestral da Tesourería e Intervención sobre o cumprimento dos prazos previstos na Lei 15/2010, do 5 de xullo, para o pagamento das obrigas desta entidade local 2º trimestre do 2015 de data.

A continuación na sesión plenaria ábrese a rolda de intervencións:

O Sr. interventor explica que é o informe que emiten tanto o tesoureiro como el acerca das débedas que se pagan tanto dentro como fóra do período legal de pago.

Polo PSOE o Sr. Manuel Vázquez Faraldo expón que é un punto de dar conta no que non se pode votar, pero que quere sinalar que comparado co informe do trimestre anterior, no que reflectía un período medio de pago excedido de 17,65 días e polo que vemos no trimestre de xestión do novo alcalde este período aumenta a 23,79 días, e que imos empeorando no período medio de pago.

O Sr. alcalde expón que probablemente ese aumento de días reflecta un maior control sobre as facturas dos contratos vencidos, porque hai unha serie de facturas de contratos vencidos sobre as que o interventor dera un informe negativo. E que ese aumento de días probablemente se deba á análise deses contratos e desas facturas.

Polo PP o Sr. Jesús Veiga Sabín expón que iso xa pasaba antes, cando eles pagaban en 17 días.

O Sr. alcalde responde que pasaría antes pero que o Sr. Veiga sabería como tiña as cousas, e que o alcalde quería ser consciente do que se estaba pagando.

Polo PP o Sr. Jesús Veiga Sabín expón que el estaba asinando esas facturas.

O Sr. alcalde expón que tivo que levantar algún reparo por ese motivo.

Polo PP o Sr. Jesús Veiga Sabín expón que el tamén pero insiste en que el pagaba en 17 días.

O Sr. alcalde expón que a cuestión dos contratos vencidos non rematou en levantar o reparo, que non se preocupe que non acabou aquí.

O pleno municipal queda informado do Informe trimestral da Tesourería e Intervención sobre o cumprimento dos prazos previstos na Lei 15/2010, do 5 de xullo, para o pagamento das obrigas desta entidade local no 2º trimestre do 2015 de data 20 de xullo de 2015.

4º.- FIXACIÓN DOS DÍAS FESTIVOS LOCAIS PARA O ANO 2016.

De conformidade co establecido no art. 82 do ROF , e con carácter previo ao debate do mesmo, procédese a ratificar a inclusión do presente punto na orde do día por maioría absoluta e unanimidade dos concelleiros (13 votos a favor, sendo 13 o número legal de membros da Corporación), ao non ter sido ditaminado na correspondente comisión informativa.

Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía

"Visto o escrito remitido pola Xefatura Territorial da Coruña da Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia, con rexistro de entrada de data 28 de xullo de 2015 e rexistro de entrada número 5137, no que se require ao Concello de Miño a fixación dos días festivos locais para o ano 2016, esta alcaldía propón ao pleno municipal a adopción do seguinte acordo:

Fixar como días festivos locais do Concello de Miño para o ano 2016 o 09 de febreiro (martes de entroido), e o 29 de xuño (festividade de San Pedro)."

A continuación ábrese a rolda de intervencións:

Polo PP o Sr. Jesús Veiga Sabín expón que estamos nas mesmas, que este punto debería tralo a comisión informativa para discutilo. Aínda que normalmente sempre se pon San Pedro e o martes de entroido, pode haber máis propostas, e non nos imos poñer a debatelas no pleno se poden ir de comisión practicamente encamiñadas.

Polo PSOE o Sr. Manuel Vázquez Faraldo expón que máis que unha cuestión práctica é unha cuestión legal porque o artigo 82.2 do Real decreto de funcionamento das entidades locais establece que na orde do día só poden incluírse os asuntos que fosen previamente ditaminados, informados ou sometidos á consulta da Comisión Informativa que corresponda. Se isto non se produce o alcalde presidente por razóns de urxencia pode motivar esa urxencia e levalo a pleno, e esta ten que ser aprobada polo pleno da Corporación. Que cre que motivo de urxencia non houbo, porque iso se puido facer tranquilamente con tempo suficiente para poder debater porque efectivamente pode haber outras propostas aínda que o habitual é que sexa o martes de entroido e o 29 de xuño, San Pedro. E que non soamente este punto, senón tamén o punto anterior de dar conta se tería que ter levado a comisión de contas. E que el cre que hai unha serie de cousas básicas que é o funcionamento normal da administración, aínda que esta sexa unha situación anómala deberemos de intentar que o funcionamento sexa o máis normal posible, porque aínda que Ricardo sexa o alcalde, na corporación hai trece concelleiros, incluído o alcalde, que representan á poboación de Miño; polo tanto que cre que o lóxico, o apropiado e o legal é que se respecten os procedementos. Entón que os membros do grupo socialista adiantan que calquera outro punto de agora en adiante que esa Alcaldía traia ao pleno sen pasar pola preceptiva comisión informativa correspondente que eles van votar en contra, sexa o punto que sexa, e que quere que conste en acta, porque despois non quere que se lles diga que son uns irresponsables por non incluír non sei que punto. O grupo socialista a todos os asuntos que non foran ditaminados por comisión informativa van votar en contra, que quede claro e que logo que ninguén se chame a enganar.

O Sr. alcalde pregunta se hai algunha outra proposta distinta aos festivos que se recollen na proposta.

Polo PP o Sr. Jesús Veiga Sabín expón que hai algunha proposta que piden algúns veciños pero que non se van poñer agora no pleno a discutila, que iso se tería que discutir en comisión informativa.

O Sr. alcalde pregunta cal sería a data desa proposta.

Polo PP o Sr. Jesús Veiga Sabín responde que San Ramón, por exemplo. Pero insiste en que as propostas teñen que discutirse en comisión informativa. Pero que o Partido Popular se inclina por San Pedro e polo martes de entroido.

Seguidamente, procédese na sesión plenaria á votación ordinaria da proposta de acordo co seguinte resultado: 13 votos a favor do Grupo mixto, do PSOE e do PP (sendo trece o número legal de membros da Corporación), polo que o Pleno municipal acorda por maioría absoluta dos concelleiros:

Fixar como días festivos locais do Concello de Miño para o ano 2016 o 09 de febreiro (martes de entroido), e o 29 de xuño (festividade de San Pedro).

Neste intre, sendo as 18:27 horas, auséntase do Pleno o concelleiro do Partido Popular don José Agustín Andrés Andrés.

5º.- MOCIÓNS

1ª MOCIÓN (PP)

"MOCIÓN AO PLENO ORDINARIO DE 15-09-2015 PARA INCLUIR NA ORDE DO DÍA

D. Jesús Veiga Sabín, portavoz do grupo municipal do Partido Popular ao abeiro do disposto no artigo 97 do Real Decreto 2568/1986, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das corporacións locais, quere someter á consideración desta Corporación a seguinte

MOCIÓN 1

Dado que a Alcaldía quitou á luz pública varias bases para axudas diversas, como por exemplo as xa publicadas relativas ás becas que o Concello outorgará para libros, material e comedor escolar, recordámoslle que Vostede carece dun equipo de goberno. E, en aras do consenso e da transparencia na xestión municipal que vostede tanto predica, o Grupo Municipal Popular propón este Pleno a aprobación se procede, do seguinte

ACORDO

Aprobar que a redacción de bases futuras pase pola Comisión de Asuntos Xerais para que tódolos grupos políticos poidan aportar as súas propostas."

A continuación, de acordo co preceptuado no art. 91.4 do ROF en relación co art. 97.3 do mesmo texto legal, procédese á votación da procedencia do seu debate, co seguinte resultado: 12 votos a favor do Grupo mixto, do PP e do PSOE, e por conseguinte, acórdase por maioría absoluta (sendo trece o número legal de membros da Corporación) proceder ao debate da moción presentada.

A continuación ábrese a rolda de intervencións:

O Sr. alcalde expón que ante esta moción debe dicirlle que a comisión de asuntos xerais é para ditaminar asuntos competencia do pleno; o contrario, polo que el entende, sería unha irregularidade administrativa. E que os grupos da oposición poden integrarse na xunta de goberno local e alí debater todas estas cuestións, que corresponden ser debatidas neste órgano, que esta proposta xa a fixo hai tempo e que está aí.

Polo PP o Sr. Jesús Veiga Sabín expón que o que sigue pedindo é que o alcalde teña transparencia e dignidade política, que está só, que traia as bases á comisión de asuntos xerais porque non pasa nada, ninguén vai poñer pegadas porque haxa unhas bases para libros ou para axudas, pero que as van discutir todos os grupos, porque o alcalde é un, pero enfronte hai doce concelleiros máis

O Sr. alcalde expón que non vai repetir o que xa dixo, porque entrarían nunha discusión pechada.

Polo PP o Sr. Jesús Veiga Sabín replica que entón a transparencia da que fala o alcalde non a hai.

O Sr. alcalde expón que transparencia non a había durante a xestión do Sr. Veiga e as consecuencias as temos agora á vista. Que lle parece moi ben que defenda a súa postura.

Polo PSOE o Sr. Manuel Vázquez Faraldo replica que quen defendeu as contas foi o alcalde.

O Sr. alcalde continúa dicindo que a transparencia deste goberno é absoluta e que se hai cuestións que non se puideron poñer á luz é por cuestións que veñen incluso de atrás.

Polo PP o Sr. Jesús Veiga Sabín expón que non lle fale de goberno, que lle fale só del porque está o alcalde só.

O Sr. alcalde expón que se poña o oposición de acordo, porque levan dous meses que non e que si. E que cando queren que se vaia que se poñan de acordo.

Polo PSOE a Sra. Catalina Morado Fariña expón que queren agora mesmo.

O Sr. alcalde continúa dicindo que hai unha forma de facelo.

Polo PSOE a Sra. Catalina Morado Fariña replica que hai dúas.

O Sr. alcalde expón que o que ten que falar é o portavoz,

Polo PSOE a Sra. Emma González Álvarez responde que non, e que o fixo el moitas veces sentado dese lado.

O Sr. alcalde solicítalles que como mínimo pidan a palabra se queren falar. E insiste en que se non lle gusta esta situación, que se poñan de acordo ambos os dous grupos da oposición.

Polo PSOE o Sr. Manuel Vázquez Faraldo expón que cre que o Sr. alcalde se está a saír do tema.

Polo PP o Sr. Jesús Veiga Sabín pregúntalle se esta moción se aproba, que vai facer?

O Sr. alcalde responde que vai cumprir co que a lei estableza.

Polo PP o Sr. Jesús Veiga Sabín expón que esa é a transparencia.

O Sr. alcalde responde que non ten nada que ver a lei coa transparencia, que confunde dúas cousas completamente distintas.

Polo PP o Sr. Jesús Veiga Sabín pregúntalle por que non se poden debater en comisión informativa as bases?

O Sr. alcalde responde que o informe a secretaria, que el non ten ningún inconveniente.

Polo PP o Sr. Jesús Veiga Sabín pregúntalle á Sra. secretaria se o goberno de trece concelleiros di que deben pasar a discutirse as bases na comisión de asuntos xerais hai algún problema legal?

A Sra. secretaria responde que a comisión de asuntos xerais só pode ditaminar asuntos plenarios, non pode ditaminar asuntos competencia da alcaldía, si esta non quere; para iso hai outras formas como xunta de portavoces, etc.

Polo PP o Sr. Jesús Veiga Sabín expón que haberá buscar fórmulas para iso, pero que as hai legais. E que o Sr. alcalde as faga.

A Sra. secretaria expón que a xunta de goberno si ten competencias de asesoramento ao Alcalde, ou pode constituír unha xunta de portavoces, que ela non vai entrar.

Polo PP o Sr. Jesús Veiga Sabín expón que se o que se está pedindo na moción é ilegal pois que a retira.

A Sra. secretaria explica que é unha irregularidade administrativa.

Polo PP o Sr. Jesús Veiga Sabín continúa dicindo que outra cousa é que se hai fórmulas baseadas no que se pide na moción pois que se fagan.

O Sr. alcalde expón que se pida coa fórmula que corresponde.

Polo PP o Sr. Jesús Veiga Sabín expón que llo está a pedir ao alcalde.

O Sr. alcalde continúa dicindo que non presente unha moción que signifique unha irregularidade administrativa, e que lle estraña que levando tantos anos de tenente de alcalde e de alcalde que non saiba estas cousas básicas.

Polo PP o Sr. Jesús Veiga Sabín replica que se o alcalde tivera maioría non lle pediría isto, que el non ten maioría e que el está só, e que teña dignidade e traia os temas a pleno.

O Sr. alcalde responde que parece que a palabra dignidade non significa o mesmo para el que para o Sr. Veiga.

Polo PSOE o Sr. Manuel Vázquez Faraldo quere pedir a palabra antes de votar esta moción porque o seu grupo trae ao pleno unha moción que cre que ten relación con esta moción que acaba de ler o grupo popular, e que se se permite, aínda que non sexa o habitual, antes de votala porque aquí se está alegando cuestións legais e de procedemento, que compartindo o expresado ata o de agora, que cre que a lei é bastante clara, porque de feito no apartado os apartados 7 e 8 do artigo 50 do Real Decreto 2568/86, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, establecen como competencia do Pleno "*aprobar as bases das probas para a selección de persoal*" e "*aprobar as bases que han de rexer nos concursos de provisión de postos de traballo*". Pola súa banda, o

apartado 22 do mesmo artigo, establece tamén como competencia do Pleno “a aprobación dos pregos de condicións xerais a que deben suxeitarse os contratos da Corporación”. E que entón non é unha cuestión de semántica, senón de legalidade, e que estas son competencias do pleno.

A Sra. secretaria explica que iso está derogado pola Lei 7/85, cambiaron as competencias, a aprobación das bases e a oferta de emprego público non son competencias do pleno.

Polo PSOE o Sr. Manuel Vázquez Faraldo expón que el non ten derogada esa normativa.

A Sra. secretaria continúa explicando que a Lei 7/85 está derogada pola disposición transitoria 10 da lei de contratos, que á súa vez derogou iso, co cal os pregos cando o órgano de contratación é o alcalde os aproba o alcalde e cando o órgano de contratación é o pleno apróbaos o pleno; e a aprobación das bases de selección de persoal as aproba a alcaldía. Outra cousa, na que ela non vai entrar, é se queredes ditaminalo ou non, e que se cheguen a un acordo de constituír unha xunta de portavoces.

Polo PSOE a Sra. Emma González Álvarez expón que niso consiste, en que sexa competencia do pleno, claro.

Polo PSOE o Sr. Manuel Vázquez Faraldo aclara que o que eles piden na moción é que os servizos administrativos do Concello elaboren uns modelos tipo tanto das bases como dos pregos de condicións citados, que estean de acordo coa lexislación vixente, tanto laboral como de contratación de obras, servizos, subministros, xestión de servizos públicos, etc. e que sexan sometidos a aprobación da actual Corporación Municipal.

A Sra. secretaria aclara que os pregos xerais si son competencia do pleno, pero os particulares non.

Polo PSOE o Sr. Manuel Vázquez Faraldo aclara que iso é o que está a dicir el, que igual el non se expresou ben.

A Sra. secretaria responde que non lle entendeu.

Polo PP o Sr. Jesús Veiga Sabín explica que a filosofía é outra, porque as bases se poden discutir en comisión, e que se as ten que aprobar o alcalde porque é a súa competencia, pois que as aprobe o alcalde, pero que se discutan en comisión.

A Sra. secretaria expón que os pregos xerais si son competencia do pleno, pero serán tan xenéricos que non van dicir practicamente nada; pero os particulares son competencia da Alcaldía.

Polo PP o Sr. Jesús Veiga Sabín expón que el non pide que as aprobe o pleno.

Polo PSOE a Sra. Emma González Álvarez aclara que o que piden é que se traian ao pleno.

A Sra. secretaria explica que as bases específicas para bolsas de libros e de emprego son competencia da Alcaldía, senón todos estes anos o estariamos facendo mal.

Polo PP o Sr. Jesús Veiga Sabín expón que el dixo antes que se tivera maioría, non poría problema.

O Sr. alcalde expón que o Sr. Veiga o que quere é un acordo político, que é outra cousa.

Polo PP o Sr. Jesús Veiga Sabín replícalle que se deixe de acordo político.

Polo PSOE o Sr. Manuel Vázquez Faraldo expón que eles o que pedían en base a estes artigos legais, e se non son estes pois os que sexan, é que os servizos administrativos do concello elaboren uns modelos tipo tanto das bases como dos pregos de condicións citados, é dicir, selección de persoal e contratación, que estean de acordo coa lexislación vixente porque como sabemos tanto a lexislación laboral como a de contratación de servizos e demais foron variando ao longo dos últimos anos, e bastante, e que sexan sometidos á aprobación da actual corporación municipal. "2. Entre tanto, non se aproben ditos modelos tipo, os expedientes que requiran de ditas bases ou pregos de condicións, que se sometan á aprobación do Pleno da Corporación con carácter previo ao seu inicio". Mentres non haxa eses modelos tipo calquera contratación de persoal que se someta ao pleno para aprobar esas bases ou prego. E "3. Que os expedientes iniciados e que a día de hoxe estean

pendentes de adxudicar, cuxas bases de selección ou pregos de condicións de contratación non haxan sido aprobados polo Pleno, se paralicen hasta que a actual Corporación Municipal aprrobe ditos documentos." Se existe o caso, se non é o caso non hai que aplicalo, pero que se existe que se faga. É dicir, que o pleno da Corporación teña voz e voto nas contratacións e nas seleccións de persoal. E que se as bases de todo iso correspondan ao pleno.

Polo PP o Sr. Jesús Veiga Sabín expón que o seu grupo pide que esas bases veñan a comisión de asuntos xerais ou que se faga unha comisión especial para discutir isto, para que todos os grupos coñezan isto, porque non o coñecen.

Sometida a moción á votación, obtén o seguinte resultado: 11 votos a favor do PSOE e do PP e 1 voto en contra do Grupo mixto (sendo trece o número legal de membros da Corporación), polo que o Pleno do Concello aproba por maioría absoluta que a redacción de bases futuras pase pola Comisión de Asuntos Xerais para que tódolos grupos políticos poidan aportar as súas propostas.

2ª MOCIÓN (PSOE)

"MOCIÓN AO PLENO ORDINARIO DE 15-09-2015 PARA INCLUIR NA ORDE DO DIA

D. Manuel Vázquez Faraldo, portavoz do grupo municipal do PSdeG-PSOE, ao abeiro do disposto no artigo 97 do Real Decreto 2568/1986, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, quere someter á consideración desta Corporación, a seguinte

MOCIÓN

PARA A APROBACIÓN POLO PLENO DAS BASES DE SELECCIÓN DE PERSOAL E DOS PREGOS DE CONDICIÓN PARA A CONTRATACIÓN

Exposición de motivos

Os apartados 7 e 8 do artigo 50 do Real Decreto 2568/1986, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, establecen como competencia do Pleno "*aprobar as bases das probas para a selección de persoal*" e "*aprobar as bases que han de rexer nos concursos de provisión de postos de traballo*".

Pola súa banda, o apartado 22 do mesmo artigo, establece tamén como competencia do Pleno "*a aprobación dos pregos de condicións xerais a que deben suxeitarse os contratos da Corporación*"

Como é de todos coñecido, tanto a lexislación laboral, como a de contratación sufriu nos últimos anos importantes modificacións, polo que tanto as bases como os pregos citados nos parágrafos anteriores, necesitan dunha actualización para o cumprimento da lexislación vixente.

Por todo isto, o Grupo Municipal Socialista propón neste Pleno, para a súa aprobación si procede, que se adopte o seguinte

ACORDO

1. Que os servizos administrativos do Concello elaboren uns modelos tipo tanto das bases como dos pregos de condicións citados, que estean de acordo coa lexislación vixente, tanto laboral como de contratación de obras, servizos, subministros, xestión de servizos públicos, etc. e que sexan sometidos a aprobación da actual Corporación Municipal.

2. Entre tanto, non se aproben ditos modelos tipo, os expedientes que requiran de ditas bases ou pregos de condicións, que se sometan á aprobación do Pleno da Corporación con carácter previo ao seu inicio.

3. Que os expedientes iniciados e que a día de hoxe estean pendentes de adxudicar, cuxas bases de selección ou pregos de condicións de contratación non haxan sido aprobados polo Pleno, se paralicen hasta que a actual Corporación Municipal aprrobe ditos documentos."

A continuación, de acordo co preceptuado no art. 91.4 do ROF en relación co art. 97.3 do mesmo texto legal, procédese á votación da procedencia do seu debate, co

seguinte resultado: 12 votos a favor do Grupo mixto, do PP e do PSOE, e por conseguinte, acórdase por maioría absoluta (sendo trece o número legal de membros da Corporación) proceder ao debate da moción presentada.

A continuación ábrese a rolda de intervencións:

Polo PP o Sr. Jesús Veiga Sabín pregúntalle á Sra. secretaria se é legal.

A Sra. secretaria responde que si, que se van aprobar unhas bases xerais, pero que as particulares aprobaraas o que corresponda.

Polo PSOE o Sr. Manuel Vázquez Faraldo aclara que acaban de votar a favor do punto 2 "Entre tanto, non se aproben ditos modelos tipo, os expedientes que requiran de ditas bases ou pregos de condicións, que se sometan á aprobación do Pleno da Corporación con carácter previo ao seu inicio."

A Sra. secretaria expón que si, que se van aprobar pregos tipo para todo, para aberto, para negociado, etc. e mentres tanto non se pode facer nada.

Polo PSOE o Sr. Manuel Vázquez Faraldo aclara que si, que se pode facer a través do pleno. Aclara que cre que non se expresou ben, porque o que propuxeron e aprobaron é se aproben uns modelos tipos, pero mentres non se aproben eses modelos tipo pois que todo se traía a pleno para que este órgano aprobe o que sexa o caso, ou as bases específicas ou o que sexa en cada caso.

A Sra. secretaria pregunta se o que sexa competencia da Alcaldía o vai aprobar o pleno.

Polo PSOE o Sr. Manuel Vázquez Faraldo responde que o acaban de dicir agora.

A Sra. secretaria pregunta que pasa si o alcalde non quere.

Polo PSOE o Sr. Manuel Vázquez Faraldo responde que o alcalde si o quere someter a pleno, xa que acaba de votar que si. E que o alcalde ten as súas competencias que pode delegar en pleno.

A Sra. secretaria explica que primeiro ten que delegar as competencias, si se pode, e logo traelo a pleno para que acepte a delegación, porque o pleno é un órgano manifestamente incompetente. E que cada órgano ten as súas competencias.

Polo PSOE o Sr. Manuel Vázquez Faraldo puntualiza que se o alcalde acaba de votar a favor significa que vai delegar esas competencias.

Sometida a moción á votación, obtén o seguinte resultado: 12 votos a favor do Grupo mixto, do PSOE e do PP (sendo trece o número legal de membros da Corporación), polo que o Pleno do Concello aproba por maioría absoluta, a moción aprobación polo pleno das bases de selección de persoal e dos pregos de condicións para a contratación, co seguinte texto:

1. Que os servizos administrativos do Concello elaboren uns modelos tipo tanto das bases como dos pregos de condicións citados, que estean de acordo coa lexislación vixente, tanto laboral como de contratación de obras, servizos, subministros, xestión de servizos públicos, etc. e que sexan sometidos a aprobación da actual Corporación Municipal.
2. Entre tanto, non se aproben ditos modelos tipo, os expedientes que requiran de ditas bases ou pregos de condicións, que se sometan á aprobación do Pleno da Corporación con carácter previo ao seu inicio.
3. Que os expedientes iniciados e que a día de hoxe estean pendentes de adjudicar, cuxas bases de selección ou pregos de condicións de contratación non haxan sido aprobados polo Pleno, se paralicen hasta que a actual Corporación Municipal aprobe ditos documentos.

3º MOCIÓN (PP)

"MOCIÓN AO PLENO ORDINARIO DE 15-09-2015 PARA INCLUIR NA ORDE DO DÍA

D. Jesús Veiga Sabín, portavoz do grupo municipal do Partido Popular ao abeiro do disposto no artigo 97 do Real Decreto 2568/1986, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das corporacións locais, quere someter á consideración desta Corporación a seguinte

MOCIÓN 2

Dentro do programa de apoio ás familias, Vostede incluíu un servizo de comedor dirixido aos menores das familias máis vulnerables do municipio para garantir a súa alimentación durante o período estival.

Os grupos políticos non tivemos información sobre as bases e o desenvolvemento do devandito programa; por iso, e tendo en conta a súa postura respecto á transparencia na xestión municipal, que neste caso, como noutros, non se fixo efectiva, o grupo municipal popular propón neste pleno que o Sr. Alcalde responda á seguinte cuestión:

- ¿Cómo se levou a cabo a aprobación das bases do comedor de verán?

Tamén nos gustaría coñecer a relación de familias participantes e se, efectivamente, se atopan en risco de exclusión social.

Asimesmo, solicitamos as bases da adxudicación do servizo."

A continuación, de acordo co preceptuado no art. 91.4 do ROF en relación co art. 97.3 do mesmo texto legal, procédese á votación da procedencia do seu debate, co seguinte resultado: 12 votos a favor do Grupo mixto, do PP e do PSOE, e por conseguinte, acórdase por maioría absoluta (sendo trece o número legal de membros da Corporación) proceder ao debate da moción presentada.

A continuación ábrese a rolda de intervencións:

O Sr. alcalde responde que as bases se tramitaron nos servizos sociais e foron estes os que determinaron que familias estaban en risco de exclusión para acceder a estas axudas. En canto á relación das familias non é unha cuestión que se poida facer pública pero que o Sr. Veiga como concelleiro pode ir aos servizos sociais e requirir esta información, que está á súa disposición, pero que evidentemente terá que facer un uso dela coa responsabilidade que merece en relación á protección de datos.

Polo PP o Sr. Jesús Veiga Sabín pregunta pola adxudicación do servizo.

O Sr. alcalde responde que a adxudicación era un contrato menor.

Polo PP o Sr. Jesús Veiga Sabín pregunta con quen se fixo.

O Sr. alcalde responde que co restaurante Vidal, pero que se preguntou a outros restaurantes se tiñan interese.

Polo PP o Sr. Jesús Veiga Sabín pregunta se se foi a todos os restaurantes de Miño e se se fixo por escrito.

O Sr. alcalde responde que se fixo a todos os de Miño, ao igual que outra contratación que foi a do seguro de vehículos e que o Sr. Veiga está tratando de deixar dúbida sobre a actuación

Polo PP o Sr. Jesús Veiga Sabín expón que o Sr. alcalde se cabrea.

O Sr. alcalde responde que non se cabrea, que só lle explica o que o Sr. Veiga deixa no aire, e que non é así.

Polo PP o Sr. Jesús Veiga Sabín expón que os grupos políticos se enteraron pola prensa do programa, e que se ao alcalde lle parece ben iso, pois amén. E segundo, que só queren saber quen son, e que non ten problema, por se datos persoais, co ir a servizos sociais a solicitar a información e que se lla dean por escrito. E o tema da adxudicación igual, pregunta se o Sr. alcalde mandou unha carta ou se foi el en persoa ou algunha persoa do seu grupo.

O Sr. alcalde responde que todo isto se fixo dende os servizos sociais, e que se fixo con absoluta normalidade e absoluta legalidade.

Polo PP o Sr. Jesús Veiga Sabín expón que as bases as fixo servizos sociais, e pregunta se o Sr. alcalde non os coñecía.

O Sr. alcalde responde que por suposto que os coñecía.

Polo PP o Sr. Jesús Veiga Sabín expón os grupos políticos non o sabían.

O Sr. alcalde insiste en que as cousas se fixeron con absoluta normalidade.

Polo PP o Sr. Jesús Veiga Sabín replica que non foi con normalidade e que lles pase unha proposta ou algo.

O Sr. alcalde expón que é competencia da Alcaldía.

A Sra. secretaria lembra que acaban de aprobar que se delegan as competencias da Alcaldía.

Polo PSOE o Sr. Manuel Vázquez Faraldo expón que a secretaria é ela e que a corporación son eles. Os acordos os adopta a corporación e que para el o máis lóxico é que a Sra. secretaria dea o asesoramento legal como o está facendo. E do que se trata non é de menoscabar as funcións dos servizos administrativos, todo o contrario, do que se trata é precisamente de que a Corporación teña coñecemento actualizado e habitual do que ocorre, pois como ata o de agora non foi así, pois precisamente se está notando nas intervencións tanto do seu grupo como do grupo popular falta de información e de transparencia, e por iso propoñen o que propoñen, non se trata de prexudicar.

O Sr. alcalde pregunta cal é a moción porque máis ben parece unha pregunta.

Polo PP o Sr. Jesús Veiga Sabín responde que lle pase por escrito ou lle di a que empresas hostaleiras de Miño se lle pasou e a relación de familias.

O Sr. alcalde responde que si.

Sometida a moción á votación, obtén o seguinte resultado: 12 votos a favor do Grupo mixto, do PSOE e do PP (sendo trece o número legal de membros da Corporación), polo que o Pleno do Concello aproba por maioría absoluta:

1º.- Darlle a coñecer os grupos da Corporación a relación de familias participantes no comedor de verán e facilitarlles copia das bases da adxudicación do servizo.

4º MOCIÓN (PP)

" MOCIÓN AO PLENO ORDINARIO DE 15-09-2015 PARA INCLUIR NA ORDE DO DÍA

D. Jesús Veiga Sabín, portavoz do grupo municipal do Partido Popular ao abeiro do disposto no artigo 97 do Real Decreto 2568/1986, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das corporacións locais, quere someter á consideración desta Corporación a seguinte

MOCIÓN 3

Sr. Alcalde, polo seu desgobierno e desavinza, atopámonos hoxe sen a constitución da Mesa de Contratación, onde deben estar representados os grupos políticos maioritarios.

Este feito pode supoñer o atraso dalgunhas adxudicacións de obras e/ou servizos.

Por isto, o Grupo Municipal Popular propón neste Pleno a aprobación, se procede dos seguintes

ACORDOS

- A constitución da devandita Mesa de Contratación
- E que todas as adxudicacións, sexan de maior ou menor contía económica pasen pola Mesa."

A continuación, de acordo co preceptuado no art. 91.4 do ROF en relación co art. 97.3 do mesmo texto legal, procédese á votación da procedencia do seu debate, co seguinte resultado: 12 votos a favor do Grupo mixto, do PP e do PSOE, e por conseguinte, acórdase por maioría absoluta (sendo trece o número legal de membros da Corporación) proceder ao debate da moción presentada.

A continuación ábrese a rolda de intervencións:

O Sr. alcalde volve dicirlle o que dixo antes, que é obvio que a mesa de contratación hai que constituíla e que el está disposto a facelo cando os grupos da oposición o determinen. A mesa de contratación da Alcaldía está constituída. E en relación a que pasen todas as adxudicacións, pois o dito antes, que as que teñan que pasar pola Alcaldía pasarán pola Alcaldía e as que teñan que pasar polo Pleno pasarán polo Pleno.

Polo PP o Sr. Jesús Veiga Sabín pregunta se lle vai dar praza na mesa de contratación.

O Sr. alcalde responde que obviamente.

Polo PP o Sr. Jesús Veiga Sabín solicítalle que a constituía.

A Sra. secretaria quiere facer unha puntualización, se se aproba esta moción vaise crear a mesa de contratación tamén nos procedementos negociados.

Polo PSOE o Sr. Manuel Vázquez Faraldo e Polo PP o Sr. Jesús Veiga Sabín propoñen á vez que se traia a formación da mesa de contratación a unha comisión informativa para a súa discusión.

Sometida a moción á votación, obtén o seguinte resultado: 12 votos a favor do Grupo mixto, do PSOE e do PP (sendo trece o número legal de membros da Corporación), polo que o Pleno do Concello aproba por maioría absoluta:

1º.- A constitución da Mesa de Contratación

2º.- E que todas as adxudicacións, sexan de maior ou menor contía económica pasen pola Mesa.

5ª MOCIÓN (PP)

"MOCIÓN AO PLENO ORDINARIO DE 15-09-2015 PARA INCLUIR NA ORDE DO DÍA

D. Jesús Veiga Sabín, portavoz do grupo municipal do Partido Popular ao abeiro do disposto no artigo 97 do Real Decreto 2568/1986, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das corporacións locais, quiere someter á consideración desta Corporación a seguinte

MOCIÓN 4

Non tendo coñecemento os grupos políticos maioritarios e en vista de que non se levaron ante a Comisión de Asuntos Xerais as bases para a renovación das pólizas de seguro dos vehículos municipais, nin as bases para a contratación do Gabinete de Prensa.

O Grupo Municipal Poplular propón neste Pleno:

1.- Respecto a adxudicación dos seguros, que o señor Alcalde responda a estas cuestións:

a.- ¿Cántas pólizas se quitaron a concurso?

b.- ¿Quitáronse a concurso algunhas pólizas en vigor?

c.- De non ser así, ¿comunicóuselles ás empresas aseguradoras a finalización da relación mercantil?

d.- ¿Isto terá un sobrecusto para o Concello?

2.- Respecto ao Gabinete de Prensa, o Grupo Municipal Popular solicita a súa anulación, xa que Miño é un concello pequeno que non precisa de tales servizos, e a contía outorgada a este Gabinete pode adicarse a axudas e/ou a servizos sociais.

A continuación, de acordo co preceptuado no art. 91.4 do ROF en relación co art. 97.3 do mesmo texto legal, procédese á votación da procedencia do seu debate, co seguinte resultado: 12 votos a favor do Grupo mixto, do PP e do PSOE, e por conseguinte, acórdase por maioría absoluta (sendo trece o número legal de membros da Corporación) proceder ao debate da moción presentada.

A continuación ábrese a rolda de intervencións:

Polo PP o Sr. Jesús Veiga Sabín quiere aclarar que no tema do gabinete de prensa o Sr. alcalde fixo un procedemento negociado sen publicidade, e que son arredor de 18.000. Sen publicidade, e a tres empresas, que seguramente deu el o nome, e que algunhas as coñecen e que o Sr. alcalde as coñece.

O Sr. alcalde responde que se presentaron 7 empresas, e que se fixo publicidade no perfil do contratante, e que non coñece a ningunha.

Polo PP o Sr. Jesús Veiga Sabín expón que hai unha resolución que no terceiro punto Terceiro.- Dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación, polo procedemento negociado sen publicidade, cun prezo máximo de licitación de 14.298,00 euros máis IVE, mediante a solicitude de oferta a tres empresas capacitadas para a realización do obxecto do contrato e a publicación dun anuncio no perfil do contratante do Concello

de Miño para que poidan presentar oferta todos os interesados. Cuarto.- Solicitar oferta ás seguintes empresas: 1.- CMAS – AGENCIA DE COMUNICACION, 2.- ITE AMBIENTAL SC, 3.- 180 GRADOS, MARKETING Y COMUNICACION SL. E continúa dicindo que a segundo seguro que a coñece o Sr. alcalde.

O Sr. alcalde responde que ningunha desas empresas se presentou.

Polo PP o Sr. Jesús Veiga Sabín expón que si lle pediu oferta, e que a segunda a coñece perfectamente.

O Sr. alcalde responde que lle vai contestar ás preguntas, aínda que lle repite o de antes, que se trata de preguntas e non dunha moción. Respecto de cantas pólizas se quitaron a concurso? Responde que a todas as relacionas co parque automotor, porque estaba todo contratado de un en un, e aí si que era unha contratación directa e a unha soa empresa. ¿Quitáronse a concurso algunhas pólizas en vigor?, si, pero que as irá asumindo o adxudicatario a medida que se vaian vencendo as pólizas. C.- De non ser así, ¿comunicóuselles ás empresas aseguradoras a finalización da relación mercantil? Non é necesario polo dito no punto anterior. d.- ¿Isto terá un sobrecusto para o Concello? Todo o contrario, o feito de unificar nun só contrato todas as pólizas do parque automotor.

Polo PP o Sr. Jesús Veiga Sabín expón que llo di porque se non llo comunicou e están en vigor.

O Sr. alcalde pídelles que non o interrompa.

A Sra. secretaria explica que as pólizas se asumen a medida que van vencendo, non se asume antes. E do que se trata é de regularizar todas as pólizas a 31 de decembro.

O Sr. alcalde continúa dicindo que en canto sobrecusto para o Concello? Que xa dixo que non, que todo o contrario, que unha licitación que inclúa todas as pólizas faise coa intención de baixar os sobrecustes que había ata o de agora. O mesmo se irá facendo co resto dos seguros, e cos contratos vencidos de limpeza de xardíns, limpeza de edificios, mantementos, etc. que están todos contratados por separado e unificaranse para conseguir un menor prezo nestes servizos. E en relación ao gabinete de prensa, xa llo contestou, que se fixo un concurso posto no portal de transparencia e publicado en La Voz de Galicia, cousa que non se fixo nunca.

Polo PP o Sr. Jesús Veiga Sabín expón que aquí non se fixo nunca un concurso. E que si se publicaba na prensa máis barata.

O Sr. alcalde responde que tal vez sexa a menos vista.

Polo PP o Sr. Jesús Veiga Sabín replica que se anunciaba perfectamente.

O Sr. alcalde expón que é mellor gastar en publicidade e transparencia que andar pagando facturas de avogados nos xuízos de Fadesa.

Polo PP o Sr. Jesús Veiga Sabín expón nesta moción que se anule o procedemento de contratación do gabinete de prensa.

O Sr. alcalde responde que xa se anulou, pero o que non significa que non se siga coa política de transparencia. A pesar de todo o que diga.

Polo PP o Sr. Jesús Veiga Sabín replica que se gastou 3.800 euros nun gabinete de prensa para anunciar as obras que aprobou a anterior Corporación.

O Sr. alcalde aclara que foi para tentar mellorar a imaxe do concello.

Sometida a moción á votación, obtén o seguinte resultado: 12 votos a favor do Grupo mixto, do PSOE e do PP (sendo trece o número legal de membros da Corporación), polo que o Pleno do Concello aproba por maioría absoluta:

1º.- Anular a contratación dun gabinete de prensa, xa que Miño é un concello pequeno que non precisa de tales servizos, e a contía outorgada a este Gabinete pode adicarse a axudas e/ou a servizos sociais.

6ª MOCIÓN (PSOE)

"MOCIÓN AO PLENO ORDINARIO DE 15-09-2015 PARA INCLUIR NA ORDE DO DIA

D. Manuel Vázquez Faraldo, portavoz do grupo municipal do PSdeG-PSOE, ao abeiro do disposto no artigo 97 do Real Decreto 2568/1986, polo que se aproba o

Reglamento de organización, funcionamiento e réxime xurídico das entidades locais, quere someter á consideración desta Corporación, a seguinte

MOCIÓN

PARA QUE A ALCALDÍA DE CONTA SEMANALMENTE DAS RESOLUCIÓN ADOPTADAS

Exposición de motivos

O artigo 42 do Real Decreto 2568/1986, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, establece que o alcalde dará conta sucinta á Corporación, en cada sesión ordinaria do pleno, das resolucións que houbera adoptado desde a última sesión plenaria para que os concelleiros coñezan o desenvolvemento da administración municipal aos efectos do control e fiscalización dos órganos de goberno.

Na sesión extraordinaria do pleno celebrada o pasado 10 de xullo, estableceuse que os plenos ordinarios se celebrarán cada dous meses pares ás 18:00 horas.

Nesa sesión tamén quedou patente a incapacidade do alcalde para crear a Xunta de Goberno Local e o nomeamento dos tenentes de alcalde, xa que as súas propostas foron rexeitadas polas persoas designadas. A súa ausencia, tanto desta Xunta como dos tenentes de alcalde permite que o goberno local estea formado por tan só unha persoa.

Polo tanto, non hai actas de sesións da Xunta de Goberno nin resolucións de concelleiros delegados, o que condiciona o coñecemento asiduo das decisións do goberno.

O resto da Corporación ve limitada así a función esencial de control e fiscalización dos órganos de goberno, que prevé a lexislación vixente, xa que se produce un amplo desfase temporal entre a toma de decisións e a posta en coñecemento do resto dos concelleiros.

Para evitar esta situación, o Grupo Municipal Socialista propón neste Pleno, para a súa aprobación si procede, que se adopte o seguinte

ACORDO

Que o primeiro día hábil de cada semana os servizos de Secretaría do Concello, remitan por correo electrónico aos portavoces dos grupos da oposición unha copia en formato pdf de todas as resolucións emitidas pola alcaldía na semana anterior."

A continuación, de acordo co preceptuado no art. 91.4 do ROF en relación co art. 97.3 do mesmo texto legal, procédese á votación da procedencia do seu debate, co seguinte resultado: 12 votos a favor do Grupo mixto, do PP e do PSOE, e por conseguinte, acórdase por maioría absoluta (sendo trece o número legal de membros da Corporación) proceder ao debate da moción presentada.

Sometida a moción á votación, obtén o seguinte resultado: 12 votos a favor do Grupo mixto, do PSOE e do PP (sendo trece o número legal de membros da Corporación), polo que o Pleno do Concello aproba por maioría absoluta, que o primeiro día hábil de cada semana os servizos de Secretaría do Concello, remitan por correo electrónico aos portavoces dos grupos da oposición unha copia en formato pdf de todas as resolucións emitidas pola alcaldía na semana anterior.

7ª MOCIÓN (PSOE)

MOCIÓN AO PLENO ORDINARIO DE 15-09-2015 PARA INCLUIR NA ORDE DO DIA

D. Manuel Vázquez Faraldo, portavoz do grupo municipal do PSdeG-PSOE, ao abeiro do disposto no artigo 97 do Real Decreto 2568/1986, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, quere someter á consideración desta Corporación, a seguinte

MOCIÓN

Exposición de motivos

O artigo 88 do Real Decreto 2568/1986 polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais contempla no seu apartado 3 que "... unha vez levantada a sesión, a Corporación pode establecer unha quenda de consultas polo público asistente sobre temas concretos de interese municipal".

Por todo isto, o Grupo Municipal Socialista propón neste Pleno, para a súa aprobación si procede, que se adopte o seguinte

ACORDO

1. Que ao abeiro de dito texto legal, polos servizos xurídicos do Concello se elabore un borrador de procedemento que estableza unha quenda de consultas polo público asistente sobre temas de interese municipal, unha vez levantada a sesión de cada Pleno.
2. Que dito borrador de procedemento se traslade aos distintos grupos da Corporación antes da celebración do próximo pleno ordinario, para que incorporen as súas propostas."

A continuación, de acordo co preceptuado no art. 91.4 do ROF en relación co art. 97.3 do mesmo texto legal, procédese á votación da procedencia do seu debate, co seguinte resultado: 12 votos a favor do Grupo mixto, do PP e do PSOE, e por conseguinte, acórdase por maioría absoluta (sendo trece o número legal de membros da Corporación) proceder ao debate da moción presentada.

A continuación ábrese a rolda de intervencións:

Polo PP o Sr. Jesús Veiga Sabín expón que cre que se debería levar o tema a unha comisión e discutir.

O Sr. alcalde expón que hai que elaborar un borrador do procedemento.

Polo PSOE o Sr. Manuel Vázquez Faraldo expón que se vai elaborar un borrador do procedemento para que se aprobe polo pleno, agora só se aproba que se inicie o procedemento.

Sometida a moción á votación, obtén o seguinte resultado: 11 votos a favor do PSOE e do PP e 1 voto en contra do Grupo mixto (sendo trece o número legal de membros da Corporación), polo que o Pleno do Concello aproba por maioría absoluta:

1. Que ao abeiro de dito texto legal, polos servizos xurídicos do Concello se elabore un borrador de procedemento que estableza unha quenda de consultas polo público asistente sobre temas de interese municipal, unha vez levantada a sesión de cada Pleno.
2. Que dito borrador de procedemento se traslade aos distintos grupos da Corporación antes da celebración do próximo pleno ordinario, para que incorporen as súas propostas.

8ª DECLARACIÓN INSTITUCIONAL CONXUNTA DO PSOE, GRUPO MIXTO E PP

MOCIÓN DO PSOE

PARA INSTAR AO GOBERNO DE ESPAÑA PARA QUE ADOPTE DIVERSAS MEDIDAS CON RESPECTO A ATENCIÓN AOS REFUXIADOS

Nestes últimos tempos estamos a ver grandes movementos de persoas fuxindo da violencia, a persecución ou a guerra nos seus países de orixe. Só o conflito en Siria provocou o desprazamento de 4.000.000 de persoas segundo ACNUR. En Turquía permanecen ó redor de 2.000.000. Líbano, Iraq, Xordania, Exipto e outros países norteafricanos repártense case a totalidade do resto.

Algúns refuxiados preferiron continuar camiño, por iso, entre outras nacionalidades, moitos sirios forman parte das 264.000 persoas que chegaron ó territorio da Unión Europea a través do Mediterráneo dende xaneiro ate o 14 de agosto de este ano 2015, segundo ACNUR.

A traxedia de Lampedusa en outubro de 2013, na que morreron 368 persoas, marcou un desgraciado fito na Unión Europea. As reaccións dos dirixentes comunitarios e nacionais leváronnos a pensar que se porían en marcha solucións para que non se

volveuse a repetir unha traxedia humana destas dimensións. Por desgraza, dous anos despois seguimos a asistir a mortes non só no Mediterráneo, senón en todo o territorio europeo, de persoas inocentes cuxo único propósito é fuxir da guerra ou da miseria. Hoxe a traxedia é que miles de persoas desesperadas que foxen da morte, están dispostas a arriscar a súa vida e, en demasiadas ocasións, a perdela.

Non podemos aceptar como inevitables as traxedias humanas que viven os refuxiados nin as mortes de persoas que afogan no Mediterráneo ou se asfixian encerrados nun camiión. Non os podemos deixar a mercé dos traficantes de persoas sen escrúpulos no camiño ata un futuro mellor, porque se non teñen outra alternativa na súa fuxida, seguirán a arriscar as súas vidas.

Aínda que Europa non estea a acoller en termos relativos ó maior número de refuxiados nesta crise humanitaria, o certo é que as capacidades de moitos países estanse a ver desbordadas. Nesta crise, a ruta de entrada a Europa atópase lonxe de España.

Mayoritariamente, as vías de entrada con destino ós países do Norte atópanse en Grecia e Italia. Sen embargo, a crise está a poñer a proba a todos os dirixentes europeos porque case todos eles están sendo afectados por ela, dunha maneira ou de outra.

A dimensión da crise é inabordable por ningún país en solitario. Nestas circunstancias é necesario que todos os países se involucren ó máximo en buscar solucións ós problemas e dende a Comisión europea fixéronse propostas para que todos os países da Unión actúen conforme ó principio de solidariedade. Sen embargo, o Goberno de España, xunto a outros, parece máis interesado en desvincularse dun problema que hoxe non lle afecta de cheo que en ter unha actitude proactiva e solidaria.

Dende logo que non existen fórmulas sinxelas para acometer todas as actuacións que é necesario abordar para mitigar un problema que resulta de máxima complexidade na súa raíz e nas súas derivadas. Son necesarias medidas nacionais, europeas e internacionais; medidas a corto, medio e longo prazo; plans e perspectivas novas para un problema que se manifestou como nunca o fixera.

A Corporación municipal quere contribuír con decisión, con iniciativa e dende a mellor disposición ó diálogo, na achega dalgunhas propostas que van na liña de dar pasos adiante. Debemos apartarnos da resignación que non conduce máis que á repetición dos problemas e, por suposto, debemos abandonar unha posición que non está en consonancia co sentir maioritario dunha cidadanía española que si é solidaria. Aínda está viva na memoria a solidariedade que outros mostraron cos que tamén tiveron que fuxir de España por motivos da guerra e posterior persecución que viviu o noso país. Dar as costas a quen hoxe máis o necesita é inxusto en si mesmo, e ademais, un torpe precedente ante futuras situacións de crise que si poidan poñer en cuestión a capacidade do noso país.

Seguramente non serán as únicas propostas válidas e viables, pero si consideramos que son os mínimos para comezar a traballar na boa dirección.

Ante a actual crise humanitaria que se está vivindo nas fronteiras europeas, e que afecta a miles de persoas, dende o Concello de Miño, como representantes públicos, non podemos nin queremos permanecer impasibles.

Ademais de solicitar publicamente que o Goberno central articule as medidas de coordinación necesarias, e asuma as súas responsabilidades, entendemos que como poboación podemos achegar a nosa modesta colaboración para paliar as consecuencias desta crise.

A Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, no seu artigo 3º no que define os obxectivos do sistema galego de servizos sociais, indica como un deles "Sensibilizar, informar e promover valores de solidariedade e integración na sociedade galega"

e o Decreto 99/2012 do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais e o seu financiamento, no seu artigo 2 sobre a Natureza dos SS.SS. comunitarios define que ...garantirán "a promoción e organización da solidariedade social na comunidade na que actúan".

Por todo iso o pleno municipal acorda por maioría absoluta, con 12 votos a favor do Grupo mixto, do PSOE e do PP (sendo trece o número legal de membros da Corporación):

Primeiro.- Instar ao Goberno do Estado a tomar as seguintes medidas:

1. Apoiar todas as vías diplomáticas existentes e promover a creación de cantas resulten necesarias para actuar con determinación na busca da pacificación dos países en conflito.
2. Traballar en favor dunha política integral de inmigración e asilo na Unión Europea. A Unión debe contar coas competencias para abordar en común os instrumentos de ordenación dos fluxos migratorios, a integración e a cooperación con terceiros países, así como unha autoridade capaz de adoptar decisións executivas cando a situación o requira.
3. Reforzar, dende unha perspectiva europea e nacional, o diálogo e a cooperación cos países do Norte de África que permitan unha adecuada atención ós refuxiados e seguir a traballar para evitar a actuación dos traficantes que poñan en perigo as súas vidas.
4. Reforzar así mesmo a cooperación cos países en conflito e cos que acollen a un maior número de refuxiados, complementando a asistencia de ACNUR e a Unión Europea.
5. Aceptar os solicitantes propostos pola Comisión Europea e aumentar de forma inmediata o presuposto destinado ao asilo e á acollida de refuxiados.
6. Deseñar con urxencia un Plan de acollida humanitaria a refuxiados. Este plan debe ter dispostas prazas de acollida dignas, posibilidades de escolarización para os menores, atención sanitaria e social, en colaboración coas CCAA e a FEMP.
7. Aprobar o antes posible o Regulamento da Lei 12/2009, de 30 de outubro, reguladora do dereito ó asilo e á protección subsidiaria.
8. Desenvolver unha campaña de sensibilización á poboación española sobre a necesidade de contar cunha política de asilo como parte esencial da democracia, o respecto á dignidade humana e aos dereitos humanos, e que así mesmo procure prever a aparición de actitudes racistas ou xenófobas."

Segundo.- Instar á Xunta de Galicia a definir dunha vez por todas un Plan de acollida humanitaria a refuxiados, dispoñendo de prazas de acollida dignas, posibilidades de escolarización para os menores, atención sanitaria e social, en colaboración co Estado Español e a FEMP.

Terceiro.- Instar a todas as Administracións Públicas a:

1. Seguir impulsando unha verdadeira política europea, común e integral, de inmigración e asilo, que debe contar con recursos financeiros abondos.
2. Reforzar a capacidade de resposta da Unión Europea ante situacións de emerxencia, como a que estamos vivindo.
3. Impulsar a dotación de fondos europeos para reforzar e concentrar os esforzos de cooperación nos países de orixe e, en particular, dun Fondo Fiduciario Europeo para a axuda financeira aos países de África, inspirado nunha proposta realizada polo Goberno de España.
4. Dar prioridade ao diálogo e á cooperación cos países de orixe e tránsito, así como cos países limítrofes das zonas de conflito na acollida de refuxiados.
5. Colaborar cos países de tránsito para a protección das súas fronteiras e loitar contra as mafias que se lucran con esta traxedia humana.
6. Traballar xuntos en cantas iniciativas nos permitan lograr a paz e a estabilidade nos lugares de orixe dos refuxiados.

9ª MOCIÓN (PSOE)

"MOCIÓN AO PLENO ORDINARIO DE 15-09-2015 PARA INCLUIR NA ORDE DO DIA

D. Manuel Vázquez Faraldo, portavoz do grupo municipal do PSdeG-PSOE, ao abeiro do disposto no artigo 97 do Real Decreto 2568/1986, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, quere someter á consideración desta Corporación, a seguinte

MOCIÓN

PARA INSTAR AO GOBERNO DE ESPAÑA PARA QUE RETIRE A LEI ORGÁNICA 4/2015, DE 30 DE MARZO, DE PROTECCIÓN DE SEGURIDADE CIDADÁ (LEI MORDAZA)

Exposición de motivos

O PP aprobou o pasado 11 de decembro, en solitario, a súa Lei de Seguridade Cidadá coa oposición frontal do PSOE. Trátase dunha “lei mordaza” que rompe o espírito da Constitución e que o PSOE procederá a derrogar en canto regrese ó Goberno. Esta lei non contou co respaldo parlamentario dos partidos da oposición se non que foi recorrida ante o Tribunal Constitucional por unha ampla maioría dos mesmos: o PSOE promoveu o recurso de inconstitucionalidade contra a Lei Orgánica 4/2015, de 30 de marzo, de Protección de Seguridade Cidadá, xunto coa Esquerda Plural (IU, ICV-EUiA), UPyD, Compromís-Equo e Coalición Canaria.

Non existe unha demanda social para unha norma absolutamente innecesaria, que supón un recorte de dereitos políticos e civís recollidos na Constitución, polo que o único que busca o Goberno é un retorno ó Estado policial.

Rajoy está a demostrar ser o presidente máis retrógrado da democracia española, está a legislar soamente para a dereita máis extrema e está a aprobar recortes en dereitos e liberdades en cada Consello de Ministros que se celebra.

É evidente que o Goberno lle ten medo á contestación social, moléstalle e converte á cidadanía que protesta en cidadáns e cidadás baixo sospeita. A lei mordaza é unha lei desmesurada e desproporcionada, tanto polas restricións que contempla como polo agravamento das contías das multas. Busca castigar máis, ofrecendo menos garantías xurídicas á cidadanía.

Con esta lei, por citar varios exemplos, poderase castigar con ata 30.000 euros unha manifestación para impedir un desafuzamento ou con ata 600 euros as faltas leves, que son as máis comúns. Poderase multar a quen difunda imaxes de antidisturbios golpeando sen necesidade a manifestantes, ou considerar unha ameaza á seguridade cidadá negarse a mostrar o DNI. Ademais, os que participan nunha manifestación espontánea, isto é, non notificada previamente á Delegación do Goberno – cousa que ocorre no 50% das protestas- poderán ser tamén multados.

Ó Goberno do PP lle molesta a xente na rúa, pero o problema non son os cidadáns e cidadás que critican a acción do Goberno e a súas políticas antisociais. Se a dereita gobernante quere frear as protestas sociais que tanto lle perturban, o que debe facer é rectificar a súa política económica e botar freo á desigualdade, pero non arremeter contra o cidadán que protesta na rúa. Con esta lei, o PP demostra que non acepta o dereito á queixa e á discrepancia.

É evidente que coa escusa da crise, o PP recortou os dereitos sociais. Agora, coa escusa da seguridade, busca cernar as liberdades políticas e civís. Un novo recorte de dereitos que se suma ós xa perpetrados durante estes tres anos do PP en educación, sanidade, dereitos laborais, xustiza...

Os socialistas seguiremos a traballar para preservar a cohesión social, a liberdade e a igualdade de oportunidades de toda a cidadanía, impulsando dende os municipios as prestacións necesarias de servizos sociais e promovendo a reinserción social das persoas en maior risco de vulnerabilidade. Medidas de prevención, que, dende as entidades locais, poden asegurar o desexable benestar da nosa cidadanía e os seus dereitos e liberdades, e axudar a “minimizar” o efecto da mal chamada Lei de Protección de Seguridade Cidadá.

Por estas razóns expomos que o PP retire a “lei mordaza”, porque lima a cohesión social, cuestiona frontalmente o Estado de Dereito e limita os dereitos e liberdades da cidadanía que conquistamos nestes anos de democracia dende que se aprobou a Constitución no ano 1978.

Por todo isto, o Grupo Municipal Socialista propón neste Pleno, para a súa aprobación si procede, que se adopte o seguinte

ACORDO

Instar ao o Goberno do Estado para que retire a Lei Orgánica 4/2015, de 30 de marzo, de Protección de Seguridade Cidadá (Lei Mordaza) porque restrinxe indebidamente o

exercicio dos dereitos e as liberdades da nosa cidadanía e representa un ataque frontal ó noso Estado de Dereito."

A continuación, de acordo co preceptuado no art. 91.4 do ROF en relación co art. 97.3 do mesmo texto legal, procédese á votación da procedencia do seu debate, co seguinte resultado: 12 votos a favor do Grupo mixto, do PP e do PSOE, e por conseguinte, acórdase por maioría absoluta (sendo trece o número legal de membros da Corporación) proceder ao debate da moción presentada.

A continuación ábrese a rolda de intervencións:

Polo PP o Sr. Jesús Veiga Sabín pide a palabra e expón que o grupo popular vai votar en contra, baseándose en que non lles parece que esa sexa a situación. A seguridade cidadá é a garantía de que os dereitos e liberdades recoñecidos e amparados pola constitución poden ser exercidos libremente pola cidadanía e non meras declaracións formais carentes de eficacia xurídica. E que o Goberno garante a seguridade de todos cunha lei que establece máis garantías ás vítimas e máis vixilancia aos delinquentes. O Goberno completou a lei de seguridade cidadá coas achegas de organismos públicos e entidades sociais e durante sete meses incorporáronse numerosas achegas de órganos consultivos e diversas ONGs. O resultado é unha norma con maior calidade xurídica, garantista e con pleno encaixe na nosa orde constitucional, e por certo o mesmo PSOE que criticaba a política do PP, cando este facía oposición a pasada lexislatura, agora recorre a diario as reformas do goberno ante o Tribunal constitucional; os obxectivos da norma van en consonancia coa recente reforma do Código penal, esta lei é a consecuencia dunha iniciativa normativizadora que cre que os comportamentos antixurídicos non deben ir pola vía penal, senón pola vía administrativa, de xeito so as faltas máis graves tipificaranse como delitos e as máis leves como faltas administrativas, e por primeira vez defínese o concepto de seguridade de acordo coa declaración de dereitos humanos do Tribunal constitucional. O obxectivo da lei é a violencia e as condutas incívicas que poñen en perigo a convivencia pacífica. A lei de seguridade cidadá blinda por primeira vez dereitos básicos dos cidadás.

Sometida a moción á votación, obtén o seguinte resultado: 7 votos a favor do Grupo mixto e do PSOE e 5 votos en contra do PP (sendo trece o número legal de membros da Corporación), polo que o Pleno do Concello aproba por maioría absoluta, a moción para instar ao o Goberno do Estado para que retire a Lei Orgánica 4/2015, de 30 de marzo, de Protección de Seguridade Cidadá (Lei Mordaza) porque restrinxe indebidamente o exercicio dos dereitos e as liberdades da nosa cidadanía e representa un ataque frontal ó noso Estado de Dereito.

6º.- ROGOS E PREGUNTAS

ROGO DO PSOE

D Manuel Vázquez Faraldo, portavoz do grupo municipal do PSdeG-PSOE, ao abeiro do disposto no artigo 97 do Real Decreto 2568/1986, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, formula ante o Pleno, o seguinte

ROGO

No perfil do contratante do Concello de Miño figura pendente de adjudicar o contrato de seguro para cubrir os riscos derivados do uso e circulación da flota de vehículos deste Concello.

O prego de cláusulas administrativas de dita licitación contempla no seu artigo 3º que *"a duración do contrato será de catro anos, prorrogable anualmente por mutuo acordo das partes, de forma expresa, por un máximo de outros dous anos"*.

Pola súa banda, a disposición adicional segunda do Real Decreto Lexislativo 3/2011, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, establece a competencia dos alcaldes como órganos de contratación respecto de determinados contratos cando o seu importe non supere o 10 por 100 dos recursos ordinarios do

orçamento nin, en calquera caso, a contía de seis millóns de euros, incluídos os de carácter plurianual cando a súa duración non sexa superior a catro anos.

Respecto ao resto de contratos, dita disposición establece que corresponden ao Pleno as competencias como órgano de contratación.

Polo tanto, dado que no prego citado se habilita un prazo de execución superior aos catro anos –pois podería durar hasta seis anos- a xuízo deste grupo municipal, se está incumprindo o tope temporal fixado na lexislación vixente como límite para as contratacións competencia da alcaldía, pois nestes casos a competencia corresponde ao Pleno.

Motivo este polo que rogamos que por parte dos servizos xurídicos se emita informe ao respecto para determinar si dita licitación cumpriu coa lexislación aplicable. E en caso de non ser así, se determinen as responsabilidades que procedan e se tramite o expediente novamente polo órgano correspondente."

ROGOS DO PP

1º Que a entrega de alimentos se faga dende o Concello con persoal municipal, por protestas que hai das persoas usuarias, e que non haxa persoas alleas ao concello.

2º.- Que se lle dea por escrito o informe xurídico do precintado da oficina catastral.

PREGUNTAS DO PSOE AO PLENO ORDINARIO DE 15-09-2015

D Manuel Vázquez Faraldo, portavoz do grupo municipal do PSdeG-PSOE, ao abeiro do disposto no artigo 97 do Real Decreto 2568/1986, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, formula ante o Pleno, as seguintes

PREGUNTAS

1.- Este grupo, ao igual que o resto dos miñenses, soubemos da contratación dunha persoa no concello tras a chegada do novo goberno local constituído unicamente polo señor alcalde. Días despois, dita persoa renunciou ao contrato. ¿Cales foron as funcións desempeñadas? ¿Non había persoal capacitado entre os traballadores municipais para exercelas? Queremos saber tamén en qué condicións se fixo esta contratación, se contou cos informes preceptivos, canto tempo exacto durou o contrato e por canto se retribuíu, así como en qué xeito considera o alcalde que esta contratación vai contribuir a mellorar a xestión municipal.

O Sr. alcalde contesta que o contrato era de xefe de prensa e comunicación. Que hai que lembrar que aqueles días a prensa era un bombardeo constante, tanto ao teléfono do alcalde como ao do concello, por iso era importante ter unha persoa que se ocupase destas cuestións e a contratación foi exactamente por tres meses, non chegou a estar máis dun mes e medio porque a esta persoa lle ofreceron un traballo que considerou máis importante dende o punto de vista persoal e decidiu deixar o servizo ao Concello de Miño. A información da retribución pasaráselles por escrito e os días foron máis o menos 45 ou 50 días. E si contribuíu a mellorar a xestión municipal, pois naquel momento foi importante ter unha persoa que se ocupase de todas estas cuestións porque era un momento moi particular, incluso agora sigue pensando que en termos de información pública e transparencia seguiría sendo importante ter unha persoa con este perfil.

Polo PSOE o Sr. Manuel Vázquez Faraldo expón que se confunde o que é o servizo ao concello co que é o servizo ao alcalde, o servizo persoal a un labor político do alcalde representando a un grupo político do servizo ao concello, e que cre que iso foi claramente patente porque así como na corporación existen outros grupos que pertencen ao concello e a eles, como grupo maioritario en número de votos, non se lles ofreceu ningún servizo de apoio desa persoa, nin sequera se lles presentou nin se lles deu coñecemento de que existía esa persoa e o que perciben é que foi unha persoa meramente contratada para lavar a imaxe do alcalde, e que o ven inoportuno, inadecuado e que foi un gasto innecesario ás necesidades do concello.

O Sr. alcalde expón que todo isto é unha cuestión opinable e que en todo caso non opina o mesmo, o servizo que prestou foi para o concello e de informar de todo o que

estaba ocorrendo en relación coa xestión do concello, de todo o que se estaba a facer dende o concello.

Polo PSOE o Sr. Manuel Vázquez Faraldo expón que está claro que non coinciden.

O Sr. alcalde expón que está claro e que seguramente non vaian coincidir.

2. Outro verán mais, por desgraza veciños e visitantes volvemos a padecer algúns problemas que se repiten en Miño ano tras ano. Os cheiros procedentes das dúas EDAR (a de Ponte Baxoi e a de A Ribeira) e do saneamento en xeral son feitos xa denunciados por este grupo en numerosas ocasións, e que seguen a agardar solución. Unha EDAR ben xestionada non ten por qué cheirar, moito menos a grande distancia como sucede ata o de agora, e o mesmo ocorre coa rede de saneamento. ¿Qué medidas se tomaron ou se van tomar dende a alcaldía para eliminalos? ¿Hai previsto algún prazo para a súa execución?

O Sr. alcalde expón que xustamente por esta pregunta hoxe estivo falando con Silverio, encargado de Espina&Delfín, pedíndolle unha explicación a este tema. Eles dan unha serie de explicacións que dende o punto de vista do alcalde non son aceptables. Que quixo ver o tema coa técnica de medio ambiente do concello, que hoxe se tivo que ir porque se sentía mal, e esta pregunta vaina pasar por escrito unha vez que teña un informe concreto, porque as explicacións que lle deu o encargado de Espina non o satisfaceron de ningún xeito. E que con Espina&Delfín non é a única problemática que temos, porque hai unha serie de cuestións que se veñen observando e que hai que revisar en conxunto, porque hai cuestións das que non se queren facer responsables en acometidas domiciliarias, en defectos na execución do saneamento... e que xa realizou un listado para que os servizos técnicos o revisen, para tratalos como un paquete de asuntos para ter unha reunión seria coa concesionaria.

3. Unha das carencias máis graves do noso concello durante todo o ano é a raquítica dotación de policía local, carencia que se fai máis evidente nos meses estivais. A regulación do tráfico e a seguridade cidadá vense moi afectadas por ter poucos axentes, e de feito son de todos coñecidos varios casos de roubos e problemas de tráfico. Pola radio escoitamos que dende a alcaldía se pediron prestados policías ao concello de Oleiros. ¿Ten pensado o alcalde algunha outra medida para incrementar o número de efectivos na tempada de verán e tamén o resto do ano? ¿Solicitou o goberno local axentes prestados a outros concellos? En caso afirmativo, ¿cales foron e cal foi a súa resposta?

O Sr. alcalde expón que había un expediente de contratación de dous policías.

A secretaria municipal aclara que hai unha oferta de emprego público.

Polo PSOE o Sr. Manuel Vázquez Faraldo expón que terá que vir a pleno.

O Sr. alcalde continúa dicindo que haberá que analizar en cantas persoas cómpre ampliar o cadro de persoal da policía, e que é obvio que nos meses de verán, como había pouca marxe para resolver o problema, que se puxeron en contacto con varios concellos, Oleiros, Coruña, Betanzos..., con todos aqueles que teñen un corpo de policía moito máis numeroso aos que puideran solicitar, a través dun convenio de colaboración, durante os meses de verán dous policías locais. Foi imposible, porque dicían que incluso eles tamén tiñan falta de persoal neste sentido e non houbo forma de atopar novos axentes e os que temos xa tiñan solicitadas as súas vacacións.

Polo PSOE o Sr. Manuel Vázquez Faraldo expón que o que hai que prever é que no cadro de persoal haxa suficientes policías, porque chegou a haber oito, que igual era excesivo, pero o que está claro é que o número actual é mínimo por necesidade. E que é escaso por quendas, vacacións, etc. e que incluso se prevé a xubilación dalgún dos seus membros; e que cre que se Miño ten que darlle algún impulso a toda a súa capacidade, sobre todo turística, un dos escaparates principais que temos é no verán a circulación e o tránsito de persoas e a seguridade. E que ao seu modo de ver hai que ir dando os pasos para solucionar este tema para que o verán que vén xa estea resolto.

Polo PP o Sr. Jesús Veiga Sabín pregunta con quen se fixeron as xestións en Oleiros e A Coruña. Porque na Coruña hai policías para traballar noutros concellos, que el xa

os solicitara o ano anterior, pero que ao final arranxouno pagándolles as vacacións aos policías.

O Sr. alcalde expuxo que foi con políticos e con técnicos. E pídelle ao Sr. Faraldo que lea as tres preguntas que faltan porque as vai contestar en conxunto.

4. De novo, tanto no inverno como no verán, con grande afluencia de camiñantes, temos que ver como o Camiño Inglés recibe aos peregrinos durante longos períodos cheo de maleza e mesmo con lixo acumulado nalgúns puntos do seu percorrido, dando unha pésima imaxe de Miño. ¿Considera o señor alcalde que esta situación dun dos atractivos turísticos do pobo é positiva? ¿A qué se agarda para aumentar a frecuencia das actuacións de limpeza do camiño?

5. E coas mesmas circunstancias recibimos queixas do estado do Albergue de peregrinos de Miño. Usuarios deste denuncian o estado de abandono e conservación das instalacións, polo que preguntamos se isto é certo, e nese caso qué se vai facer para amañalo e cándo se fará.

6. Outro dos polos turísticos do concello son as praias. En Miño temos a honra de contar con bandeiras azuis dende hai anos, que atraen a miles de visitantes diariamente. Observamos que na máis concorrida, a praia Grande, a caseta de socorrismo da parte da ría estivo pechada todo o verán, sendo sen embargo a zona con máis perigo no baño polas correntes do Baxoi ao baixar e encher a marea. ¿Cal foi o motivo? ¿Qué medidas vai adoptar o alcalde para evitar que se repita na próxima tempada?

O Sr. alcalde expón que as tres preguntas teñen unha resposta similar nalgunhas cuestións, porque na cuestión do mantemento do camiño de Santiago como de outros viais públicos, efectivamente a imaxe que damos ás veces é deplorable neste sentido, pero os servizos de mantemento e obras do concello teñen só dúas persoas fixas traballando; durante os meses de verán teñen algunha contratación para a limpeza de praias, foron 19 persoas catro horas contratadas especificamente para esa tarefa. Dado que o servizo de obras é tan deficitario en persoal vaise dotando dalgún xeito con este persoal contratado para ir facendo os traballos de todo o ano e chégase á primavera-verán sen rozar camiños, etc. que se se foran facendo durante o ano non chegaríamos ao verán con este estado case de abandono. A idea para o servizo de obras é ir dotándoos de dúas persoas máis para que durante o ano se vaian facendo estas tarefas de mantemento para que se chegue ao verán en mellores condicións. Todo isto ten a contracara das limitacións que temos para contratar persoal, tanto dende o punto de vista legal como do orzamento. Ata que se peche o tema do pago de Fadesa e se saiba como queda o orzamento municipal para poder reasignar partidas, pois con estas cousas hai que ter moito coidado pero ao menos ir planificando o que se quere e pode facer para que o próximo ano non volva ocorrer o mesmo. E que este ano ocorreu co camiño de Santiago, no que hai unha serie de pontes de madeira ao seu paso por Costa Miño que están rotos e que se accidentou unha persoa haberá un mes, e que se están redactando uns proxecto para a reparación das pontes, pero á súa vez atópaste que non hai claridade sobre quen ten que facer estes mantementos de todo o camiño, xa que o Xacobeo e a Xunta din que eles non son, pero quizais tampouco o concello, e que se está estudando o tema de quen ten que asumir este gasto. E que alguén o ten que facer porque é a imaxe de Miño e non pode quedar así. O mesmo co tema do albergue, e que el visitou o albergue e que non viu ese estado de abandono; que este ano houbo uso e moitísima máis demanda que outros anos, incluso houbo unha ocasión que houbo que levar xente ao polideportivo, que se usan moitísimo esas instalacións; e que de novo volve a non estar claramente delimitada a responsabilidade do concello en canto ao mantemento desas instalacións; houbo unha inspección da consellería de medio ambiente na primeira quincena de xuño na que requiriron ao concello a reparación dalgunha instalación en relación coa lexionela, pero que non está clara de quen é a responsabilidade. E en canto ás praias, en principio había unha contratación de once socorristas por medio de subvencións, estes once socorristas non chegan para cubrir as necesidades de socorrismo que hai nas praias. Falan dun mínimo de 14 e de 16 para estar realmente controladas. Deses once

chegaron a quedar 8 ou 9, porque nos concellos limítrofes págase máis que no de Miño polas tarefas de socorrismo; para Miño non chegou a haber un mínimo necesario. Tentouse chegar aos catorce, pero foi imposible, e que houbo que manter un esquema de mínimos que se axudou un pouco co tempo atmosférico para coller días libres, vacacións, etc. Para o ano hai que chegar á semana Santa coas cousas feitas, porque o turismo comeza nese momento, porque se non melloramos nestas cousas non melloraremos no turismo que hoxe por hoxe é a única capacidade económica que temos.

Polo PSOE o Sr. Manuel Vázquez Faraldo expón que a limitación dos socorristas é unha evidencia pero quizais non nos debemos de esquecer que a parte da ría é a máis perigosa e que ao mellor non dotar tanto de persoal a caseta da primeira zona da praia e dotar máis aquela. E que sabe que é incómodo ir alí, pero precisamente os servizos están para o que están, e que sería moi lamentable que houbera un accidente pola zona da ría. En canto ao camiño inglés hai uns convenios que se fixeron non soamente reformas e marcar a ruta, polos cales o concello é o responsable do seu mantemento e adecentamento. E que houbo un accidente nunha ponte de madeira e que se o seguro recolle isto, pois será responsabilidade do Concello.

O Sr. alcalde expón que a persoa accidentada veu falar con el persoalmente aos tres ou catro días e o que se fixo foi facilitarlle os trámites necesarios para que nesa mañá se fora cos trámites feitos e se presentase a incidencia ante o seguro. Agora mesmo hai redactado xa un proxecto para cambiar dúas pontes, que están rotos, e outro está a piques de caer, neste último vanse facer tarefas de mantemento; que se está co tema do orzamento e a idea é executalo canto antes.

Non habendo outros asuntos que tratar, o Sr. alcalde dá por finalizada a sesión, ás 20:00 horas, de todo o cal como a secretaria dou fe.

O alcalde – presidente
Ricardo A.M. Sánchez Oroza

A secretaria municipal
Alejandra Rodríguez Menéndez